



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE**

### **MAIO DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas e quince minutos do día catro de maio de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e dona Rocio Vila Díaz.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de abril de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes que asistiron á citada sesión (non asistiron Felipe Andreu Barallobre e dona Marta Maria Vázquez Golpe), aprobou o citado borrador.

#### **2º.- Correspondencia**

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, respecto da proclamación das candidaturas aos municipios con motivo das eleccións locais convocadas polo Real decreto 233/2015, de 30 de marzo. (Boletín Oficial da Provincia número 78, do día 28 de abril de 2015).
- Resolución de 1 de abril de 2015, do Real Patronato sobre Discapacidad, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, pola que se convocan os Premios Reina Letizia 2015, de accesibilidade universal de municipios. (Boletín Oficial do Estado número 101, de 28 de abril de 2015).
- Orde do 22 de abril de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A). (Diario Oficial de Galicia número 79, do día 28 de abril de 2015).



- Orde do 27 de abril de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se amplía a dotación económica da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. (Diario Oficial de Galicia número 79, do día 28 de abril de 2015).
- Instrución 2/2015, do 17 de abril, de Augas de Galicia, de planificación hidrolóxica de demarcación hidrográfica de Galicia-Costa. (Diario Oficial de Galicia número 80, do día 29 de abril de 2015).
- Lei 1/2015, do 1 de abril, da Presidencia da Xunta de Galicia, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. (Diario Oficial de Galicia número 81, do día 30 de abril de 2015).
- Real decreto 291/2015, de 17 de abril, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (Boletín Oficial do Estado número 104, do día 1 de maio de 2015).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, da Presidencia da Xunta de Galicia, do emprego público de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 82, do día 4 de maio de 2015).
- Resolución do 27 de abril de 2015, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección polo que se modifican as bases reguladoras dos préstamos Jeremie-Igape previstos no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. (Diario Oficial de Galicia número 82, do día 4 de maio de 2015).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo**

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que xa se redactou a Conta Xeral do 2014.

A seguir, tamén informa que se recibiu a resolución oficial de Traballo para realizar o obradoiro de emprego.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos**



Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada se solicitou a subvención ao Inega para instalar reactancias electrónicas de dobre nivel nas vías principias de saída de Cambre cara a Pravio, O Temple, Mesón Vasco, Os Campóns e Lema.

A seguir informa que mañá terá unha reunión con técnicos de Fomento no lugar de Enxertos, para tratar de solucionar os problemas no semáforo de Sigrás.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 8 de maio terá lugar a inauguración da exposición de pintura de Maruchi Domínguez na sala de exposicións da Casa da Cultura Vila Concepción. Engade que se expondrá do día 8 ao 28 de maio no horario habitual.

Igualmente informa que o sábado, día 9 de maio, a partir das 20.00 horas no local da Xuventude de Cecebre terá lugar o VI festival de primavera da coral de Cambre, na que participarán diversas corais invitadas.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe ás 12.00 da mañá terá lugar a presentación da II edición do Premio José Luis Muruzábal a experiencias innovadoras en saúde mental, premio promovido polo Consorcio das Mariñas.

A seguir informa que se recibiu unha carta de agradecemento por parte da Secretaría Xeral da FEMP, por haber participado no proxecto equilibrio e balance.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia